

SOLICITUDE PARA A IV CONVOCATORIA PARA O RECOÑECIMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE CALIDADE NOS CENTROS DOCENTES DA USC (2022)

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Centro proponente:	
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (Campus de Lugo)	
Denominación da práctica: Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP)	X Xeral [] Específica
Proceso(s) do SGC implicado(s):	
Proceso Clave PC-03: Apoio a estudantes	
Datas de desenvolvemento da práctica:	
<p>Tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se veñen desenvolvendo na FFP para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP (Plan FORTE-FFP), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos a este respecto. Esta proposta planificouse na Memoria de calidade do Centro correspondente ao curso 2019-20 e como acción de mellora finalizouse no curso seguinte, (tal e como se reflicte na Memoria de Calidade 20-21, páxs. 8, 12-14, 69 e seguintes, AM-01), desenvolvéndose a partir dese momento con continuidade.</p> <p>Consonte a esta proposta de integración, certas accións de mellora desenvolvidas de xeito independente durante o curso 2019-2020 e en cursos anteriores, tales como as actividades formativas con profesionais externos ou a xornada de aollida, continuaron a desenvolverse nos cursos seguintes xa protocolizadas dentro do Plan, xunto con outras actividades que xa se realizaban e ás que o Plan deu visibilidade.</p> <p>O ciclo de planificación, implantación, avaliación, axuste e mellora iniciouse polo tanto no curso académico 19-20, quedando recollido nas Memorias de Calidade do Centro correspondentes aos cursos 19-20 (nas páxinas 69-70 queda definido o Plan) e 20-21 (páxinas referidas no primeiro parágrafo), así como nos respectivos Autoinformes de renovación da Acreditación dos Títulos de Mestre/a de Educación Primaria e Infantil correspondentes ao curso 20-21 (vInforme Acreditacion Primaria 20-21.pdf, páxinas 27-28; Informe Acreditacion Infantil 20-21.pdf, páxinas 49-54).).</p> <p>Seguindo as directrices do proceso PC-03 do Manual de Procesos da FFP (páx. 39), desde o curso 20-21 as Coordinacións dos Títulos elaboran (cos datos aportados polos membros das súas respectivas comisións) un informe anual de execución do Plan para a Comisión de Calidade, que o avalía e analiza a súa eficacia e posibles melloras, recolléndose todo o proceso nas correspondentes Actas da Comisión de Calidade do Centro (Acta CCC 22 dec 2021; Acta nº 39 C.C (22.07.2022) aprobada.pdf asinado.pdf Neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento das actividades que conforman o Plan e que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do</p>	

estudiantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas, etc. O informe contén asimismo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro.

Breve descripción da práctica:

Os obxectivos do Plan son os seguintes:

- Mellorar a orientación académica e profesional que recibe o alumnado
- Unificar accións de mellora que se viñan realizando de xeito illado nun plan integral e flexible que dea resposta ás necesidades do alumnado
- Optimizar os recursos da facultade para a orientación do alumnado, implementando o traballo cooperativo de diferentes responsables dentro da facultade (membros do equipo decanal, coordinacións de curso e título, coordinación de prácticas, dirección da biblioteca, coordinacións e responsables das diferentes iniciativas, como o proxecto CompetenteS, etc.), e establecendo liñas de colaboración con servizos da USC e axentes externos á universidade

Como se mencionou anteriormente, o Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudiantado da FFP) responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos (páx. 37):

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estas liñas de actuación concrétnanse para os estudos de Grao impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven dentro do Plan para estes estudos:


1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

O Plan FORTE-FFP publicítase ao alumnado na xornada de acollida de [Primaria](#), [Infantil](#) e [Dobre Grao](#), e a través da [web do centro](#). De xeito resumido, as actividades recollidas nas diferentes liñas abranguen a xornada de acollida (primeiro curso), a información sobre requisitos, estrutura e saídas dos graos (todos os cursos), a sesión informativa sobre as mencións (segundo curso), as sesións informativas sobre o prácticum

(pre-prácticum, segundo curso), o programa de alumnado titor (todos os cursos), a información sobre bolsas, axudas, prácticas e actividades relacionadas coa profesión (todos os cursos), as xornadas de formación e orientación laboral (cuarto curso), a sesión informativa sobre as oposicións (cuarto curso), os relatorios con profesionais externos, prácticas de campo, actividades de ApS e outras actividades transversais (todos os cursos), os cursos de competencias informacionais da biblioteca (primeiro e cuarto curso), o proxecto CompetenteS para o desenvolvemento das competencias comunicativas en galego e castelán do alumnado (todos os cursos), a información sobre cursos de habilidades comunicativas do servizo de Normalización Lingüística (cuarto curso) e sobre os cursos de formación organizados polo Centro de Linguas Modernas (todos os cursos). Trátase dun plan flexible que permite integrar en cada curso novas actividades dentro da súa correspondente liña de actuación. O [cronograma](#) xeral de actividades do Plan pode consultarse no cartafol de ferramentas para as coordinacións de curso e título dispoñible na web da facultade.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

Nos informes anuais de execución do Plan recóllense datos (a través de enquisas internas) sobre o desenvolvemento das diferentes actividades (datos sobre participación, aproveitamento, valoracións de alumnado e profesorado, etc.), para a súa avaliación por parte da Comisión de Calidade do Centro. Os resultados obtidos son en xeral positivos, constátandose un incremento no que respecta á satisfacción do alumnado coa orientación profesional. A modo de exemplo, no grado de educación primaria a situación, dende un enfoque cronolóxico, sería a seguinte:



No curso 2020-21, por primeira vez a satisfacción do alumnado coa orientación supera a barreira dos tres puntos de media, o que sen dúbida, dá conta da eficacia do Plan FORTE-FFP.

Finalmente, sinalar que no informe preliminar para a renovación da acreditación dos graos, se destaca o Plan como punto forte, indicándose explícitamente que “Los servicios de orientación académica de la USC son adecuados y el título ha desarrollado acciones propias de acompañamiento a los estudiantes y orientación profesional. El Plan FORTE-FFP es buena prueba de ello”, o que pon en valor a calidade desta práctica ([Informe Acreditación provisional Graduado o Graduada en Maestro de Educación Infantil Grado USC 20 \(1\).pdf](#))

Lugo, a 17 de novembro de 2022

Asdo. M. Carmen Sarceda Gorgoso
Decana da Facultade de Formación do Profesorado